Anexo II. Ficha Convocatoria

I. NOME DOS PROXECTOS DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN EN ESPAZO DE DATOS

PROXECTOS DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN EN ESPAZO DE DATOS	
PROXECTO	Demostrador Multisectorial DATAlife

II. PROGRAMA/PROXECTO/CONTRATO/CONVENIO QUE FINANCIA O CONTRATO

	PROXECTO	FORMA DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO
PROXECTO	Demostrador Multisectorial DATAlife	DEMOSTRADOR MULTISECTORIAL DATALIFE TSI-100120-2024-12 As bases xerais polas que se establece o procedemento de selección de persoal investigador e técnico non permanente da "FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA" (FUNDACIÓN CESGA) e condicións singulares establecidas na presente convocatoria, poden consultarse no documento BASES DA CONVOCATORIA. As contratacións suxeitaranse á normativa do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular, ao Regulamento (UE) número 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, á Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, á Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. Estas contratacións estarán financiadas exclusivamente por medio da "Orde TDF/1461/2023, do 29 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria para a concesión de axudas, no ámbito da dixitalización, para a transformación dixital dos sectores produtivos estratéxicos mediante a creación de demostradores e casos de uso de Espazos de Compartición de Datos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next Generation EU (Programa Espazos de Datos Sectoriais)". O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno do Estado (PRTR) recibe o seu financiamento dos fondos Next Generation, financiado pola Unión Europea, entre eles o Mecanismo de

		Recuperación e Resiliencia (MRR), en concreto o compoñente 12 do PRTR (Política Industrial España 2030) e o Investimento 1 (Espazos de datos sectoriais (contribución a proxectos tractores de dixitalización dos sectores produtivos estratéxicos). Concretamente, esta actuación contribúe á consecución do obxectivo CID 180 (polas súas siglas en inglés "Council Implementing Decision"), da Proposta da Decisión de Execución do Consello do 2 de outubro de 2023 pola que se modifica a Decisión de Execución (UE) do 13 de xullo de 2021, relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España. O obxectivo CID 180 consiste na "«Grandes espazos de datos sectoriais e interoperables de alto valor creados en sectores estratéxicos. Polo menos catro no sector agroalimentario, o sector da mobilidade sostible, o sector saúde e o sector comercio, de conformidade coa Guía Técnica sobre a aplicación do principio de "Non causar un prexuízo significativo" (DO C 58 do 18 de febreiro de 2021, p. 1), mediante o uso dunha lista de exclusión e o requisito de cumprimento da lexislación medioambiental pertinente da Unión Europea e nacional. A execución orzamentaria mobilizada con este fin ascenderá, como mínimo, a 400.000.000 EUR.»" Este obxectivo CID 180 debe estar cumprido no segundo trimestre de 2026. O día 20 de decembro de 2024 publicouse a Resolución de Concesión da Secretaría de Estado de Dixitalización e Inteligencia Artificial para a primeira convocatoria de Demostradores y Casos de Uso de Espacios de Datos pola que CESGA foi designada beneficiaria dunha subvención de 3.077.058 € (TSI-100120-2024-12). Estas contratacións imputaranse á partida orzamentaria do CESGA que existe para este proxecto.

III. DESCRICIÓN DO/S PROXECTO/S

	PROXECTOS	DESCRICIÓN DOS PROXECTOS
PROXECTO 1	Demostrador Multisectorial DATAlife	O Demostrador Multisectorial DATAlife ten como obxectivo que as empresas, especialmente pemes e startups, poidan experimentar e realizar probas de concepto baseadas na compartición e explotación de datos, permitindo así o desenvolvemento de prácticas innovadoras no uso e compartición de datos e na xeración de novos produtos e servizos, que permitan mellorar a competitividade e proxección internacional.

		Preténdese así reducir as principais barreiras que teñen as empresas e entidades á hora de compartir datos e facilitar unha economía do dato sólida e colaborativa. O demostrador baséase na creación dunha plataforma descentralizada, segura e interoperable, aliñada cos estándares europeos e internacionais, que proporcionará un contorno de compartición soberana de datos e a súa explotación, aproveitando os recursos singulares de computación ofrecidos polo CESGA. Outra vantaxe do demostrador é que se baseará nun sistema empaquetado (espazo de datos como servizo), así como noutros compoñentes de software de código aberto e tecnoloxía desenvolvida en España. Estes compoñentes poderán evolucionar sen depender de terceiros para satisfacer as especificacións dos seus usuarios e converxer cos estándares que permitirán a súa integración con outros demostradores interoperables e cos espazos de datos comúns europeos en desenvolvemento. O Proxecto DEMOSTRADOR MULTISECTORIAL DATALIFE financiado polo Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública co obxectivo de dispoñibilizar o acceso, os medios de compartición segura e soberana dos datos, ademais dunha infraestrutura cloud dotada de modernos e potentes medios de computación, tanto a nivel de hardware como de software, para toda a cadea de valor, desde un punto de vista holístico que inclúa datos relacionados coa saúde humana, a saúde animal, o medio ambiente (calidade da auga, biodiversidade, climatoloxía, etc.), os biorrecursos (mar-pesca, agricultura, gandaría, forestal), os residuos como recursos a valorizar, alimentación (laboratorios de control de calidade/analíticos, cultivos e o seu aproveitamento, etc.), saúde (datos fisiolóxicos, xenéticos, hábitos saudables, saúde mental...) e coidados (parámetros ambientais, fogar, residencias, centros de día...). Ademais, vincularase aos recursos de innovación (servizos, infraestruturas e know-how).

IV. POSICIÓNS OFERTADAS

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	EDD-25-DTOR

Denominación	Responsable/director da PMO do Proxecto de Espazo de Datos.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a Coordinador/a de Proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O/A Responsable/director da PMO do Proxecto de Espazo de Datos-será a persoa encargada de liderar a execución integral do proxecto, asegurando a correcta planificación, seguimento e cumprimento dos obxectivos definidos en cada un dos paquetes de traballo. O seu rol será central na articulación entre os equipos técnicos, legais, financeiros e de comunicación, garantindo a coherencia das actividades e a calidade dos entregables. Así mesmo, será responsable de facilitar a colaboración entre as distintas entidades participantes, promovendo un modelo de gobernanza transparente e sostible.
Funcións a realizar	As necesarias para o desenvolvemento axeitado do proxecto Demostrador Multisectorial Datalife. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas: • **Liderado e coordinación integral do proxecto**, asumindo a responsabilidade principal da Xestión do mesmo, encargándose de asegurar a correcta planificación, execución e seguimento de todas as actividades. • **Deseño, implementación e seguimento do plan de traballo**, establecendo fitos, entregables e indicadores de rendemento, e garantindo a coherencia entre os diferentes paquetes técnicos que integran o proxecto (modelo de negocio, formación e comunicación, despregue tecnolóxico e casos de uso). • **Xestión administrativa, técnica e financeira do proxecto**, incluíndo a definición, seguimento e implantación dos sistemas de control orzamentario, reporte e xustificación de gastos ante fondos europeos (MRR), así como o dos relativos ao seguimento do cumprimento da normativa de contratación pública. • **Coordinación de equipos multidisciplinares e as entidades colaboradoras**. • **Control de calidade e xestión de riscos**, asegurando a entrega en prazo e forma dos entregables relativos á xestión e execución do proxecto (informes de seguimento, informes cuadrimestrais e informe final de obxectivos), así como a trazabilidade documental.

	• **Outras tarefas** que sexan necesarias para acadar o éxito do proxecto e os resultados previstos.
Retribución bruta anual	80.000 €.
Duración do contrato	Desde a sinatura do contrato ata a finalización do proxecto (prevista inicialmente para o 30/06/2026).
Data de inicio prevista[1]	1 de decembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 3 (Grado + Máster) segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo ou as súas equivalentes.
Experiencia requirida	8 anos de experiencia profesional.
Idiomas	Non se require.
Outros	Non se require.

MÉRITOS A VALORAR

Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	**Valoración curricular** Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, <u>sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade</u>, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos: • **Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto:** ○ Experiencia en dirección de proxectos, con responsabilidades en ámbitos tales como: planificación, execución administrativa, técnica e financeira, así como coordinación de equipos multidisciplinares. ○ Experiencia en dirección ou xestión de Oficinas Técnicas de Proxectos. ○ Experiencia en dirección ou xestión de Entidades Públicas en algún dos ámbitos obxecto do proxecto. ○ Experiencia en dirección ou xestión de Entidades Privadas en algúns dos ámbitos obxecto do proxecto. ○ Experiencia en dirección ou xestión de áreas relacionadas con	90	45

[1] A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

	algúns dos ámbitos obxecto do proxecto en Entidades Públicas e Privadas. ○ Experiencia en xestión contable e orzamentaria en organismos públicos. ○ Experiencia na xestión de expedientes de contratación pública. ○ Experiencia en proxectos do ámbito TIC, especialmente aquela desenvolvida nas áreas de e-Health, saúde dixital e/ou datos. ○ Experiencia en fondos europeos, en particular MRR. • **Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado:** ○ Realización de tese de doutoramento no ámbito das TIC, valorándose especialmente aquelas desenvolvidas nas áreas de e-Health, saúde dixital e/ou datos. ○ Certificacións recoñecidas (PMP, PRINCE2, Agile/Scrum Master) que acrediten o coñecemento e aplicación de metodoloxías de xestión de proxectos. • **Certificación oficial en inglés**		
2	**Entrevista** A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ **Competencias Técnicas**: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ **Habilidades Transversais**: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ **Adecuación ao Perfil do Posto**: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ **Outras competencias consideradas relevantes para o posto**.	10	5

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	EDD-25-TEADMON
Denominación	Técnico/a especialista en Administración Científico-Técnica.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a de proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como obxecto realizar tarefas administrativas e de apoio organizativo no marco do demostrador multisectorial DATAlife. A persoa contratada será responsable de xestionar documentación, organizar reunións, facer seguimento de prazos e apoiar na preparación de informes, contribuíndo ao correcto desenvolvemento do proxecto.
Funcións a realizar	O cometido do posto será a execución das actividades de ámbito administrativo e secretaría do proxecto. Desenvolverá, principalmente, as seguintes tarefas: ○ Realizar o **traballo administrativo de apoio á execución, seguimento e xustificación** das actuacións vinculadas ao proxecto, incluíndo a preparación e organización da documentación necesaria. ○ **Apoiar o control de prazos, fitos e requisitos administrativos** precisos para o cumprimento das obrigas establecidas no marco do demostrador. ○ **Contribuír á coordinación administrativa** entre os diferentes axentes implicados, asegurando a correcta canle de comunicación e o intercambio de información administrativa e documental. ○ **Desempeñar tarefas de secretaría**, incluíndo a organización de axendas, atención a participantes e colaboradores, xestión de comunicacións, organización de viaxes e reunións, así como a elaboración e arquivo de documentación asociada ao proxecto. ○ Apoiar **na elaboración de informes e documentación** para a xustificación administrativa e económica do demostrador. ○ Realizar todas aquelas **tarefas administrativas adicionais** que se consideren necesarias para garantir o bo desenvolvemento e xustificación do proxecto.

Retribución bruta anual	23.646,42 €.
Duración do contrato	Desde a sinatura do contrato ata a finalización do proxecto (prevista inicialmente para o 30/06/2026.
Data de inicio prevista[2]	1 de decembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 1 (Formación Profesional) segundo o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo ou as súas equivalentes.
Experiencia requirida	Non se require.
Idiomas	Non se require.
Outros	Non se require.

MÉRITOS A VALORAR

Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	**Valoración curricular** Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, <u>sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade</u>, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos: • **Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto:** ○ Experiencia previa en xestión administrativa en proxectos de I+D+i, innovación ou similares ○ Experiencia en xestión documental, elaboración de informes ou xustificación de proxectos financiados. ○ Experiencia en tarefas de secretaría, organización de reunións, axendas, atención a socios ou colaboradores. ○ Experiencia en xestión documental. ○ Experiencia en atención ao cliente (B2B y/o B2C) • **Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado.** ○ **Titulación de grado (MECES 2)** en Dereito, Administración e Xestión de Empresas, Economía, Xestión da Administración Pública e/ou similares.	90	45

[2] A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

	○ **Titulación de máster (MECES 3)** en Dereito, Administración e Xestión de Empresas, Economía, Xestión da Administración Pública e/ou similares. ○ **Formación en áreas de administración, xestión, secretariado** ou similares. ○ Formación en **ferramentas ofimáticas e de xestión** (Excel avanzado, xestión documental, ERP, etc.) ○ **Outra formación complementaria** relacionada co obxecto do contrato. • **Certificación oficial en inglés.**		
2	**Entrevista** A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ **Competencias Técnicas**: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ **Habilidades Transversais**: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ **Adecuación ao Perfil do Posto**: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ **Outras competencias consideradas relevantes para o posto.**	10	5

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	EDD-25-COOR-MLD-AN
Denominación	Coordinador/a de marco legal de datos e análise de negocio.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a Coordinador/a de Proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como obxecto **liderar, organizar e coordinar** as actividades relacionadas co **modelo de negocio, a estrutura de gobernanza e o marco legal** no marco do demostrador multisectorial DATAlife. A persoa contratada será responsable de orientar e guiar o traballo técnico nestes ámbitos, consolidar resultados e asegurar que as propostas sexan coherentes, viables e útiles para a continuidade do proxecto. Responsabilidades principais: • **Liderado da liña de traballo**: conducir e orientar as actividades de negocio, gobernanza e marco legal do demostrador DATAlife. • **Planificación, organización e coordinación:** estruturar tarefas, definir prioridades e prazos, e supervisar a súa execución de maneira eficiente. • **Seguimento:** monitorizar o avance, detectar desviacións e propoñer medidas de corrección. • **Modelo de negocio:** apoiar e validar o deseño práctico do modelo de negocio e o plan de sustentabilidade asociado ao demostrador. • **Estrutura de gobernanza:** impulsar a elaboración dunha proposta de estrutura de gobernanza, definindo roles, regras básicas e procedementos de participación. • **Marco legal:** supervisar a correcta integración dos aspectos normativos e contractuais relevantes (protección de datos, normativa europea e sectorial).
Funcións a realizar	As necesarias para apoiar o desenvolvemento axeitado do proxecto no seu ámbito xurídico. Para iso levará a cabo principalmente as seguintes

	tarefas: • **Planificar e organizar** as actividades relacionadas co modelo de negocio, a estrutura de gobernanza e o marco legal, elaborando cronogramas e definindo fitos. • **Coordinar o traballo técnico de negocio e legal,** garantindo unha execución ordenada e aliñada cos obxectivos do proxecto. • **Guiar ao equipo na definición do modelo de negocio, da estrutura de gobernanza de datos e do marco legal.** • **Validar,** desde unha visión global**, a integración das achegas xurídicas e de negocio.** • **Apoiar o desenvolvemento de liñas de financiamento e sustentabilidade a medio e longo prazo**, contribuíndo á definición de estratexias de relación con empresas e entidades participantes. • **Fomentar a coordinación transversal con outras áreas do proxecto**, garantindo que o traballo de negocio e legal quede correctamente aliñado cos obxectivos globais. • Trasladar os **riscos identificados** e coordinar a elaboración e implantación das recomendacións de medidas preventivas. • Coordinar ao equipo **técnico e xurídico** para a integración no modelo de negocio dos aspectos de gobernanza, interoperabilidade e explotación de datos. • **Documentar boas prácticas e recomendacións** que favorezan a continuidade e sustentabilidade do demostrador no futuro. • **Outras tarefas de carácter xurídico e económico-financeiro** que sexan necesarias para apoiar a execución do proxecto no período de duración do contrato.
Retribución bruta anual	34.419,00 €.
Duración do contrato	Desde a sinatura do contrato ata a finalización do proxecto (prevista inicialmente para o 30/06/2026.
Data de inicio prevista[3]	1 de decembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 3 (Grado + Máster) segundo o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo ou as súas equivalentes.
Experiencia requirida	Non se require.

[3] A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

Idiomas	Non se require.
Outros	Non se require.

MÉRITOS A VALORAR

Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	**Valoración curricular** Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos: • **Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto:** ○ **Experiencia en coordinación de equipos multidisciplinares** (con compoñente técnico-xurídico e/ou económico). ○ **Experiencia en xestión e seguimento de proxectos.** ○ Experiencia en **proxectos de innovación ou I+D+i**. ○ Experiencia en revisión e validación de **documentos legais e económicos**. ○ Experiencia en **definición de modelos de negocio ou plans de sustentabilidade**. ○ **Experiencia como consultor/a** no ámbito do dereito dixital, privacidade ou gobernanza de datos, prestando servizos a entidades públicas ou privadas. ○ **Participación en proxectos, cursos ou actividades relacionadas con espazos de datos, plataformas dixitais ou iniciativas de compartición de datos.** ○ A **participación en redes ou proxectos europeos** (IDSA, Gaia-X, EHDS ou similares). • **Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado.** ○ **Formación complementaria** en dereito dixital, protección de datos, privacidade, seguridade da información ou gobernanza de datos. ○ **Formación complementaria** en xestión de proxectos, análise de modelos de negocio, economía do dato, innovación dixital ou sustentabilidade. ○ **Certificacións recoñecidas** (PMP, PRINCE2, Agile/Scrum Master) que acrediten o coñecemento e aplicación de metodoloxías de xestión de proxectos. ○ **Outra formación complementaria** relacionada co obxecto do contrato • **Certificación oficial en inglés.**	90	45

2	**Entrevista** A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ **Competencias Técnicas**: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ **Habilidades Transversais**: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ **Adecuación ao Perfil do Posto**: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ **Outras competencias consideradas relevantes para o posto**.	10	5

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	EDD-25-TINV-MLD
Denominación	Técnico/a de investigación en marco legal de datos.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a Superior de Proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como obxecto **dar soporte xurídico ao demostrador multisectorial DATAlife,** sentando as bases para á definición do marco legal e de gobernanza e facilitando o cumprimento da normativa europea e estatal en materia de datos. A persoa contratada axudará a establecer unhas bases sólidas que permitan a implantación correcta do proxecto e facilitar a súa continuidade no futuro. Responsabilidades principais: • **Apoiar na identificación e aplicación da normativa de referencia en materia de gobernanza** de datos e protección de datos persoais. • Dar **asesoramento xurídico básico** ao equipo do proxecto e ás entidades participantes. • **Revisar e adaptar modelos de contratos ou acordos de compartición e uso de datos** xa dispoñibles. • Exercer a **interlocución con provedores e expertos externos especializados en gobernanza de datos**, protección de datos ou regulación europea, • **Colaborar co equipo do CESGA na elaboración de recomendacións prácticas en materia de gobernanza e cumprimento normativo**, para garantir a súa correcta integración no funcionamento ordinario da organización contribuíndo a sustentabilidade do proxecto
Funcións a realizar	As necesarias para apoiar o desenvolvemento axeitado do proxecto no seu ámbito xurídico. Para iso levará a cabo principalmente as seguintes tarefas:

	• **Colaborar co equipo do proxecto** na definición inicial do marco de gobernanza do espazo de datos, propoñendo políticas, roles e procedementos de referencia. • **Revisar e sinalar implicacións normativas básicas** en relación co **RGPD, LOPDGDD, Data Governance Act, Data Act, AI Act** e coa normativa sectorial máis relevante (saúde, agroalimentario, medioambiental). • **Elaborar borradores ou modelos tipo de acordos e contratos** (accesos, uso e cesión de datos, acordos de tratamento), que poidan servir como base para o desenvolvemento posterior do proxecto. • **Facilitar a interlocución con provedores e expertos especializados externos**, canalizando recomendacións técnicas e xurídicas para a súa integración no proxecto. • **Propoñer protocolos de seguridade xurídica e privacidade a nivel orientativo**, incluíndo recomendacións sobre anonimización, trazabilidade e acceso controlado. • **Dar apoio xurídico puntual** ao CESGA, DIH DATAlife e colaboradores externos en relación coas implicacións legais dos servizos experimentais que se ofrezan no marco do demostrador. • **Identificar riscos legais** e elaborar recomendacións de medidas preventivas • Outras tarefas de carácter xurídico que sexan necesarias para apoiar a execución do proxecto no período de duración do contrato.
Retribución bruta anual	32.493,02 €.
Duración do contrato	Desde a sinatura do contrato ata a finalización do proxecto (prevista inicialmente para o 30/06/2026.
Data de inicio prevista[4]	1 de decembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 3 (Grao + Máster) segundo o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior recollido no Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, ou as súas equivalentes. O grao deberá pertencer aos seguintes ámbitos de coñecemento: • Dereito e especialidades xurídicas.
Experiencia requirida	Non se require.

[4] A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

Idiomas	Non se require.
Outros	Non se require.

MÉRITOS A VALORAR

Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	**Valoración curricular** Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos: • **Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto:** ○ **Experiencia profesional en protección de datos e cumprimento normativo** en proxectos de investigación, innovación, administración pública ou empresas. ○ **Experiencia na redacción ou revisión de contratos, acordos de tratamento ou políticas de uso de datos.** ○ **Experiencia en asesoramento a equipos técnicos ou de investigación** en materia de protección de datos ou privacidade. ○ **Experiencia como auditor/a en materia de protección de datos, seguridade da información ou gobernanza de datos.** ○ **Experiencia como consultor/a** no ámbito do dereito dixital, privacidade ou gobernanza de datos, prestando servizos a entidades públicas ou privadas. ○ **Participación en proxectos, cursos ou actividades relacionadas con espazos de datos, plataformas dixitais ou iniciativas de compartición de datos.** ○ **Publicacións, relatorios ou actividades de formación** impartidas no ámbito do dereito dixital, privacidade ou gobernanza de datos. ○ A **participación en redes ou proxectos europeos** (IDSA, Gaia-X, EHDS ou similares). ○ Experiencia de **interlocución con autoridades de control** (AEPD ou organismos sectoriais). • **Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado:** ○ **Formación académica complementaria** en dereito dixital, protección de datos, privacidade, seguridade da información ou gobernanza de datos. ○ **Outra formación complementaria** relacionada co obxecto do contrato	90	45

	• **Certificación oficial en inglés.**		
2	**Entrevista** A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ **Competencias Técnicas**: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ **Habilidades Transversais**: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ **Adecuación ao Perfil do Posto**: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ **Outras competencias consideradas relevantes para o posto.**	10	5

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	EDD-25-TINV-AN
Denominación	Técnico/a de investigación en análise de negocio.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a Superior de Proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como cometido analizar e apoiar a avaliación da sustentabilidade económico-financeira e científico-técnica do demostrador multisectorial DATAlife. A persoa contratada contribuirá á elaboración e mellora de modelos de negocio baseados na economía do dato, participará no seguimento de indicadores de sustentabilidade e colaborará na coordinación económico-financeira, co obxectivo de facilitar o cumprimento dos obxectivos do proxecto e a súa continuidade a medio prazo.
Funcións a realizar	As necesarias para o desenvolvemento axeitado do proxecto no seu ámbito económico-financeiro. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas: • Recoller e analizar información do ecosistema multisectorial One Health **(saúde, agroalimentario, medio ambiente), identificando necesidades básicas, barreiras e oportunidades relacionadas co uso de datos.** • Facer vixilancia estratéxica **de cara a incorporar as experiencias e boas prácticas doutros proxectos de espazos de datos (IDSA, Gaia-X, etc.),** trasladando conclusións útiles para DATAlife**.** • Contribuír á definición do modelo de negocio do demostrador**, identificando a proposta de valor para os diferentes axentes implicados, os segmentos de usuarios obxectivo, os mecanismos de relación e entrega de servizos, e a estrutura operativa necesaria para a súa execución.** • Colaborar co equipo **técnico e xurídico** para a integración no modelo de negocio dos aspectos de gobernanza, interoperabilidade e explotación de datos. • **Contribuír ao deseño e implantación do modelo de financiamento a medio e longo prazo**, incluíndo tarifas de uso de servizos, convenios de colaboración e captación de fondos

	públicos e privados. • **Contribuír á elaboración do marco de explotación económica**, elaborando as propostas técnicas de imputación de custos. • **Colaborar no seguimento de indicadores (KPIs) de sustentabilidade económica, social e ambiental**, elaborando informes de apoio para o equipo do proxecto. • **Colaborar na definición da estratexia de relación con clientes e socios** (pemes, startups, grandes empresas tractoras, entidades públicas), favorecendo a adopción do demostrador. • Apoiar na relación con entidades participantes e potenciais novos socios**, facilitando a súa incorporación ao demostrador.** • Realizar outras tarefas de apoio económico-financeiro **que sexan necesarias para a correcta execución do proxecto durante o período de contratación.** • Calquera outras funcións que sexan necesarias **para acadar o éxito do proxecto no seu ámbito de responsabilidade.**
Retribución bruta anual	32.493,02 €.
Duración do contrato	Desde a sinatura do contrato ata a finalización do proxecto (prevista inicialmente para o 30/06/2026.
Data de inicio prevista[5]	1 de decembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 3 (Grado + Máster), segundo o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo ou as súas equivalentes.
Experiencia requirida	Non se require.
Idiomas	Non se require.
Outros	Non se require.

MÉRITOS A VALORAR

Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	**Valoración curricular** Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, <u>sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade</u>, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos:	90	45

[5] A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

	• **Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto:** ○ Experiencia na **elaboración, análise ou avaliación de modelos de negocio**, relacionados con servizos dixitais, economía do dato ou proxectos baseados en tecnoloxías da información. ○ Experiencia en **análise económico-financeira** de proxectos de investigación, innovación ou I+D+i. ○ Experiencia en **seguimento orzamentario, control de custos e preparación de informes económico-financeiros** en entidades publicas o privadas ○ Experiencia en **consultaría ou asesoramento económico-financeiro a entidades públicas ou privadas**, especialmente en proxectos de innovación, transformación dixital ou sustentabilidade. ○ Experiencia en a**poio a proxectos financiados con fondos públicos** (seguimento, xustificación, reporting). ○ Participación en **proxectos europeos ou redes** relacionadas con espazos de datos, intelixencia artificial, transformación dixital ou innovación multisectorial. ○ **Publicacións, relatorios ou participación en cursos/formación impartida no ámbito da economía do dato**, sustentabilidade ou innovación • **Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado.** ○ Formación en **análise de modelos de negocio, economía do dato, innovación dixital ou sustentabilidade**. ○ Formación en **ferramentas de tratamento, análise e visualización de datos** como PowerBi, Python e similares ○ Outras **formacións complementarias** (cursos en análise de datos, control de xestión, economía circular ou sustentabilidade tecnolóxica). • **Certificación oficial en inglés.**		
2	**Entrevista** A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ **Competencias Técnicas**: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ **Habilidades Transversais**: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ **Adecuación ao Perfil do Posto**: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ **Outras competencias consideradas relevantes para o posto**.	10	5

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	EDD-25-COOR-PROM-FORM
Denominación	Coordinador/a de Promoción e Formación do Espazo de Datos.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a Coordinador/a de Proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O/A **Coordinador/a de Promoción e Formación do Espazo de Datos** será a persoa responsable de **planificar, dirixir e coordinar de maneira integral as accións de comunicación, promoción e formación** do proxecto Demostrador Multisectorial Datalife. O seu cometido principal será **garantir a coherencia global das accións de visibilidade, transferencia e capacitación**, coordinando o traballo do persoal técnico de promoción e formación, así como a interlocución con entidades colaboradoras, provedores e participantes do proxecto. Ademais, **asegurará o cumprimento das obrigas de comunicación e publicidade asociadas á financiación pública**, a **correcta execución do plan formativo e a difusión dos resultados científicos e tecnolóxicos do proxecto**.
Funcións a realizar	As necesarias para o desenvolvemento adecuado do proxecto Demostrador Multisectorial Datalife. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas: • **Planificar e organizar as actividades de formación e promoción** vinculadas ao demostrador multisectorial DATAlife, establecendo prazos, fitos e prioridades. • **Dirixir** a liña de traballo en formación e promoción do demostrador multisectorial DATAlife. • Dirixir a definición do **plan formativo e de comunicación** do proxecto, incluíndo: obxectivos, públicos destinatarios, metodoloxías, accións prioritarias e indicadores de avaliación. • **Validar os contidos e materiais asociados ás accións de difusión, promoción e capacitación**. • **Supervisar o desenvolvemento de actividades formativas, eventos e campañas de promoción.** • **Favorecer a coherencia entre accións de comunicación,**

	formación e difusión, de maneira que transmitan unha imaxe clara e consistente do proxecto. • **Fomentar a coordinación transversal con outras áreas do proxecto**, garantindo que o traballo de negocio e legal quede correctamente aliñado cos obxectivos globais. • Establecer **alianzas e colaboracións con outras institucións** ou centros de referencia para facilitar a formación externa, difusión mutua e o intercambio de boas prácticas. • **Garantir** que as actividades de formación e promoción **cumpran cos requisitos e obrigas asociadas ao financiamento.** • **Calquera outras funcións necesarias** para acadar o éxito do proxecto e o cumprimento dos seus obxectivos no ámbito da promoción e da formación.
Retribución bruta anual	34.419,00 €.
Duración do contrato	Desde a sinatura do contrato ata a finalización do proxecto (prevista inicialmente para o 30/06/2026.
Data de inicio prevista[6]	1 de decembro de 2025.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Nivel 3 (Grao + Máster) segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo ou as súas equivalentes, nos seguintes ámbitos de coñecemento: • Xornalismo, comunicación, publicidade e relacións públicas.
Experiencia requirida	Non se require.
Idiomas	Non se require.
Outros	Non se require.

MÉRITOS A VALORAR

Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	**Valoración curricular** Os méritos que se relacionan a continuación terán carácter valorable para os efectos da selección, <u>sen que a súa concorrencia sexa de obrigado cumprimento na súa totalidade</u>, ao non constituíren requisitos excluíntes. Valoraranse os seguintes aspectos: • **Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto:**	**90**	**10**

[6] A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

	○ Experiencia en **planificación, coordinación e seguimento de programas ou actividades de formación** en contornas de innovación, I+D+i, universidades ou entidades públicas. ○ Experiencia en **organización e execución de accións de difusión**, comunicación ou promoción vinculadas a proxectos ou entidades. ○ Experiencia en **supervisión e validación de materiais formativos, comunicativos ou divulgativos** (textuais, gráficos ou audiovisuais). ○ Experiencia en **organización de eventos formativos, seminarios, congresos ou xornadas técnicas**, incluíndo a coordinación loxística e a relación con colaboradores externos. ○ Experiencia en **avaliación de resultados e elaboración de informes** relacionados con accións de comunicación, formación ou promoción. ○ Experiencia en **xestión ou participación en proxectos** de innovación, I+D+i ou programas financiados con fondos públicos. • **Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado.** ○ Formación de posgrao ou cursos especializados en **comunicación, xestión de proxectos, transferencia de coñecemento, xestión de eventos, en xestión da innovación, comunicación científica, xestión da formación ou transferencia de coñecemento.** ○ Formación específica **en SEO/SEM, analítica web, deseño gráfico, e-learning.** ○ **Outras formacións complementarias** (cursos en divulgación científica, redes sociais, deseño gráfico dixital ou multimedia). • **Certificación Oficial en Inglés.**		
2	**Entrevista** A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ **Competencias Técnicas**: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ **Habilidades Transversais**: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ○ **Adecuación ao Perfil do Posto**: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ **Outras competencias consideradas relevantes para o posto**.	**10**	**5**

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	EDD-25-TPROM
Denominación	Técnico/a de Promoción do Espazo de Datos.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Técnico/a Superior de Proxecto.
Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como cometido o deseño e coordinación das accións de promoción, sensibilización e divulgación do demostrador multisectorial DATAlife, fomentando a participación de entidades e usuarios, asegurando a transferencia de coñecemento e maximizando o impacto social e científico.
Funcións a realizar	As necesarias para o desenvolvemento adecuado do proxecto Demostrador Multisectorial Datalife. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas: • **Deseñar e implementar o plan integral de comunicación do proxecto**, adaptado aos distintos públicos obxectivo (científico, institucional, empresarial e sociedade en xeral). • **Dirixir e elaborar o desenvolvemento de materiais textuais, gráficos e audiovisuais** de carácter promocional e divulgativo relacionados co proxecto. • **Participar en tarefas de deseño web, posicionamento SEO e analítica dixital** no marco do proxecto. • **Executar os eventos de presentación, difusión e divulgación científica e social**, asumindo a interlocución cos provedores de servizos e coas entidades colaboradoras, garantindo a correcta planificación loxística, a difusión axeitada e a avaliación do seu impacto. • **Favorecer a transferencia dos resultados do proxecto** mediante a difusión en redes europeas de innovación dixital (EDIHs) e outras iniciativas de cooperación científica e tecnolóxica. • **Promover a interacción coas entidades participantes e con novos axentes interesados**, favorecendo a súa incorporación e implicación nas accións de divulgación do proxecto. • **Documentar e avaliar o impacto das accións de comunicación e**

